

CORRECCIÓN DE ERRO: Resolución reitoral do 10 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas internacionais de mobilidade con fins de estudos e se procede á súa convocatoria para o curso 2026/27

Advertido un erro no preámbulo da páxina 3, e no artigo 28.1 da páxina 21 de ditas bases reguladoras, en virtude do disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, compre facer a seguinte modificación:

Onde di:

“Para a realización e organización destas mobilidades apróbanse as seguintes bases, que desenvolven o disposto no Regulamento da UDC sobre mobilidade internacional de estudantes (aprobado no Consello de Goberno do 21/12/2012, modificado o 27/02/2014, o 29/01/2015 e o 26/02/2025), e procédese á convocatoria dos programas de mobilidade Erasmus+ KA 131 con fins de estudo e bilaterais que se realizaren durante o curso académico 2026/2027”

1. O incumprimento por parte do estudantado de calquera dos deberes establecidos no artigo 6 do Regulamento da UDC sobre mobilidade internacional de estudantes, ou no capítulo VIII destas bases, poderá comportar as sancións previstas no regulamento.

Debe dicir:

“Para a realización e organización destas mobilidades apróbanse as seguintes bases, que desenvolven o disposto no Regulamento 3/2025, do 26 de febreiro, do Consello de Goberno, sobre mobilidade internacional do estudantado da Universidade da Coruña, e procédese á convocatoria dos programas de mobilidade Erasmus+ KA 131 con fins de estudo e bilaterais que se realizaren durante o curso académico 2026/2027”

1. O incumprimento por parte do estudantado de calquera dos deberes establecidos no artigo 15 do Regulamento 3/2025, do 26 de febreiro, do Consello de Goberno, sobre mobilidade internacional do estudantado da Universidade da Coruña, ou no capítulo VIII destas bases, poderá comportar as sancións previstas no regulamento.

O reitor

PD (RR 10/07/2024)

O vicerreitor de Títulos e Internacionalización